

Campaña de vacunación antigripal / antipneumocócica 2011

Instrución

vacínate



A información relativa a esta campaña pode consultarse na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

<http://dxsp.sergas.es>

(en: áreas de traballo / enfermidades transmisibles / vacinas / campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica)

INSTRUCCIÓN: 14/2011

ASUNTO:

Instrucións sobre a campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica 2011.

ORIXE:

**DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA
/ DIRECCIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA**

DESTINATARIOS:

Centros de saúde / hospitais públicos / centros de especialidades /
hospitais e centros médicos privados / residencias da 3ª idade /
centros penitenciarios / unidades asistenciais de drogodependencias /
centros de menores e colexios-residencias / residencias de discapacitados /
outro tipo de centros / xefaturas territoriais da Consellería
de Sanidade / xerencias do Servizo Galego de Saúde.

INICIO DA CAMPAÑA: 3 de outubro de 2011

FINALIZACIÓN: 19 de novembro de 2011

ÍNDICE

1. Obxectivos da campaña	2
2. Duración da campaña	3
3. Poboación diana	4
3.1. Vacinación antigripal	4
Persoas con alto risco de complicacións	4
Persoas de 60 ou máis anos	4
Persoas ingresadas en residencias e centros de atención a crónicos	4
Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con patoloxía crónica	4
Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de aspirina®	4
Mulleres que se encontran embarazadas durante a temporada de gripe	4
Grupos potencialmente capaces de lles transmitiren a gripe a outras persoas de alto risco	5
Outros grupos nos cales se recomenda a vacinación	5
3.2. Vacinación antipneumocócica	5
Persoas de 65 anos	5
Persoas que teñen entre 2 e 64 anos: grupos de risco	6
Persoas inmunocompetentes con patoloxías crónicas	6
Persoas inmunocomprometidas	6
4. Información técnica sobre as vacinas	7
4.1. Vacina antigripal	7
Composición	7
Tipos de vacina fronte á gripe	7
Indicación das vacinas	7
Administración	8
Inmunoxenicidade e efectividade	8
Efectos secundarios	9
Precaucións e contraindicacións	9
4.2. Vacina antipneumocócica	10
Composición	10
Administración	10
Indicacións	11
Indicacións de revacunación	11
Inmunoxenicidade e efectividade	11
Efectos secundarios	12
Precaucións e contraindicacións	12
Administración simultánea da vacina antigripal, a antipneumocócica e outras vacinas	12
5. Xestión	13
5.1. Distribución de vacinas a puntos de vacinación	13
Carga inicial	13
Reposicións	13
Peticións	13
Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán	14
5.2. Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío	14
5.3. Rexistro das doses administradas	15
Centros de saúde e hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde	15
Restantes centros	15
ANEXOS	17
I. Modelo de solicitude de vacinas	18
II. Coordinadores/as das xerencias	19
III. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade	20

INTRODUCCIÓN

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, vai levar a cabo a Campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica 2011, que se vén realizando ininterrompidamente dende o ano 1991.

O obxectivo fundamental é ofertarlles de xeito gratuíto a vacinación ás persoas incluídas nos grupos de risco, co fin de conseguir unhas coberturas axeitadas nesta poboación que reduzan a morbilidade, así como os custos socioeconómicos asociados ao padecemento desta enfermidade.

Nesta campaña 2011 mantéñense as recomendacións de:

- *Vacinación antigripal das persoas de 60 ou máis anos e persoas menores desa idade pertencentes aos grupos de risco.*
- *Vacinación na poboación de 75 ou máis anos e nos ingresados en residencias de máis de 65 anos cunha vacina adxuvada que ten maior poder inmunógeno.*

1

OBXECTIVOS DA CAMPAÑA

Os obxectivos que se pretenden acadar nesta campaña de vacinación detállanse a continuación:

Obxectivo xeral

Diminuír o número e gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe e a morbilidade das enfermidades causadas polo *Streptococcus pneumoniae* na poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos específicos

Vacunación antigripal

- Consegir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos superior ao 35%.
- Consegir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos superior ao 65%.
- En traballadores de centros sanitarios aumentar a cobertura ata, polo menos, superar o 30% neste colectivo.

Vacunación antipneumocócica

- Consegir unha cobertura superior ao 30% nas persoas de 65 anos (incorpóranse por primeira vez á campaña).

Obxectivos de xestión

- Consegir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5% das doses subministradas aos centros.
- Consegir que a relación entre as doses dispoñibles e as rexistradas sexa de máis do 95%.
- Consegir que os centros de saúde e os hospitais do Servizo Galego de Saúde rexistren a través de IANUS máis do 95% das doses administradas.

2

DURACIÓN DA CAMPAÑA

- **Inicio:** 3 de outubro de 2011
- **Fin:** 19 de novembro de 2011



3

POBOACIÓN DIANA

3.1 VACINACIÓN ANTIGRIPAL

Persoas con alto risco de complicacións:

- **Persoas de 60 ou máis anos.**
- **Persoas ingresadas en residencias e centros de atención a crónicos.**
- **Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con patoloxía crónica:**
 - Enfermidades crónicas do sistema cardiovascular.
 - Enfermidades respiratorias crónicas, incluíndo a asma.
 - Enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización de secrecións ou aumenten o risco de aspiración.
 - Enfermidades metabólicas (incluíndo diabeite mellitus).
 - Persoas con obesidade cun índice de masa corporal superior a 30, **especialmente** obesidade mórbida ($IMC \geq 40$).
 - Enfermidades renais crónicas.
 - Enfermidades hepáticas crónicas.
 - Asplénicos (anatómica ou funcional).
 - Hemoglobinopatías e anemias.
 - Pacientes portadores de implantes cocleares.
 - Pacientes con cancro e inmunosupresión (incluída a causada polo VIH ou por medicación).
 - Enfermidades que implican disfunción cognitiva (síndrome de Down, parálise cerebral, demencias...).
- **Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de aspirina®.**
- **Mulleres que se encontran embarazadas durante a temporada de gripe.**

Grupos potencialmente capaces de lles transmitiren a gripe a outras persoas de alto risco:

- Persoal médico e de enfermaría e calquera outro persoal hospitalario ou ambulatorio.
- Empregados de institucións pechadas e outras institucións para enfermos crónicos.
- Asistentes domiciliarios de persoas incluídas nos grupos de risco (enfermeiros/as, traballadores voluntarios, etc.).
- Membros da familia e conviventes de persoas incluídas nos grupos de risco.

Outros grupos nos cales se recomenda a vacinación:

- Persoas que desenvolven traballos esenciais para a comunidade.
 - Policía, bombeiros, persoal de protección civil, etc.
- Persoas que desenvolven a súa actividade en matadoiros, explotacións avícolas ou porcinas.
- Viaxeiros internacionais (maiores de 60 anos ou con trastornos crónicos) que se dirixan a zonas tropicais en calquera época do ano ou viaxen ao hemisferio sur entre os meses de abril e setembro que non recibisen a vacina durante a temporada 2011-2012.

3.2 VACINACIÓN ANTIPNEUMOCÓCICA

■ Persoas de 65 anos

Estas persoas incorpóranse por primeira vez á campaña. No caso de estaren xa vacinadas fronte ao pneumococo, débese comprobar a necesidade ou non da súa revacunación (véxase o punto 4.2 Vacina antipneumocócica: indicacións de revacunación).

As persoas de máis de 65 anos que non recibisen a vacina con anterioridade deberán recibir unha dose desta.

■ **Persoas que teñen entre 2 e 64 anos: grupos de risco**

Ofertaráselles a vacinación ás persoas pertencentes aos seguintes grupos de risco:

Persoas inmunocompetentes con patoloxías crónicas:

- Patoloxía cardiovascular crónica.
- Enfermidade respiratoria crónica, incluída asma e enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización das secrecións respiratorias ou aumenten o risco de aspiración.
- Diabete mellitus.
- Alcoholismo e enfermidades hepáticas crónicas.
- Enfermidades que levan consigo perda de líquido cefalorraquídeo.
- Persoas con asplenia anatómica ou funcional, e persoas con anemia de células falciformes.
- Implante coclear

Persoas inmunocomprometidas:

- Persoas con inmunodeficiencias conxénitas ou adquiridas.
- Persoas VIH (+) asintomáticas ou sintomáticas, o antes posible tras o diagnóstico da infección.
- Persoas con leucemia, enfermidade de Hodgkin, linfoma, mieloma múltiple ou outras neoplasias xeneralizadas.
- Persoas con insuficiencia renal crónica ou síndrome nefrótica.
- Receptores de transplantes de órganos ou medula ósea.
- Persoas que están recibindo terapia inmunosupresora, incluíndo os corticoesteroides sistémicos de longa duración e radioterapia.

4 INFORMACIÓN TÉCNICA SOBRE AS VACINAS

4.1. Vacina antigripal

Composición

Vacina trivalente de virus INACTIVADOS (mortos) que conteña os seguintes antíxenos:

- Cepa análoga A / California / 7 / 2009 (H1N1)
- Cepa análoga A / Perth / 16 / 2009 (H3N2)
- Cepa análoga B / Brisbane / 60 / 2008

As vacinas non conteñen látex.

Tipos de vacina fronte á gripe

As vacinas antigripais que se subministran son:

- **Inflexal V®:** vacina de antíxenos de superficie inactivados formulada con virosomas como sistema transportador/adxuvante.
- **Chiromas®:** vacina de antíxenos de superficie, inactivados, con adxuvante MF59C.1, indicada para persoas de 75 ou máis anos, e as ingresadas en residencias, de 65 ou máis anos.

Indicación das vacinas

Grupo de idade	menor de 65 anos	de 65 a 74 anos	de 75 ou máis anos
Persoas			
Non institucionalizadas	Inflexal V®	Inflexal V®	Chiromas®
Ingresadas en residencias	Inflexal V®	Chiromas®	

Administración

Vía de administración

- I Intramuscular. (A vacina Inflexal v® pode administrarse por vía subcutánea profunda).
- I En adultos e nenos maiores dun ano, o lugar de elección é o músculo deltoide.
- I En lactantes e nenos pequenos é preferible a cara anterolateral da coxa.

Dose

A pauta de vacinación e a dose de vacina varían segundo a idade e o antecedente de vacinación previa. A continuación expóñense as pautas e doses recomendadas:

Grupo de idade	Dosificación	Nº de doses
6 - 35 meses (ambos inclusive)	0,25 ml	1 ou 2*
3 - 8 anos (ambos inclusive)	0,50 ml	1 ou 2*
≥ 9 anos	0,50 ml	1

* Aos nenos menores de 9 anos que reciban a vacina antigripal por primeira vez na súa vida, débense-lles administrar 2 doses cun intervalo dun mes entre elas.

Inmunoxenicidade e efectividade

As vacinas antigripais son seguras e efectivas en todos os grupos de idade, e a súa eficacia e efectividade dependen da idade e da inmunocompetencia da persoa, así como do grao de similitude entre os virus contidos na vacina e os virus circulantes.

Despois da vacinación, a maioría dos nenos e adultos novos desenvolven títulos de anticorpos que protexen contra a infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas.

A vacina da gripe ten un importante beneficio en canto que reduce a frecuencia de complicacións secundarias e diminúe, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nos adultos de 60 ou máis anos, con ou sen condicións médicas de risco.

Efectos secundarios

Dado que a vacina antigripal contén soamente virus non infecciosos (inactivados), non pode ocasionar a gripe.

Os efectos adversos son pouco frecuentes, e cando aparecen adoitan ser locais e autolimitados.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dor, eritema, induración) no lugar da inxección, que dura menos de 48 horas. Estas reaccións locais xeralmente son leves e raramente interfiren coas actividades rutineiras.

Con menor frecuencia poden ocorrer dous tipos de reaccións sistémicas:

- Febre, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tras a vacinación, e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo aquelas persoas non vacinadas con anterioridade.
- Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), que se manifestan como anxioedema, asma ou anafilaxe. Probablemente, estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina.

Precaucións e contraindicacións

- A vacina non debe administrárselles a persoas con **antecedentes de reacción anafiláctica** a doses previas.
- As persoas que experimentaron hipersensibilidade ao ovo ou a calquera outro compoñente vacinal poden ter un risco aumentado de alerxia á vacina antigripal e deben ser valoradas por un alergólogo antes de que se lles administre a vacina.
- No caso de **enfermidade febril severa concorrente**, a vacinación deberá diferirse ata que remitan os seus síntomas.

Non obstante, enfermidades menores con ou sen febre non contraindican o uso da vacina da gripe, particularmente en nenos con infección leve do tracto respiratorio superior ou rinite alérxica.

- Non existe evidencia da asociación causal entre a vacina antigripal e a síndrome de Guillain-Barré (SGB). As investigacións realizadas indican que non existe un incremento substancial da incidencia desta síndrome coa vacinación antigripal.

Aínda que se descoñece se a vacinación antigripal pode aumentar o risco de recorrencia da SGB, parece prudente non administrarlle a vacina. No caso de que teñan un risco moi elevado de complicacións gripais graves, haberá que facer unha avaliación risco/beneficio.

A aplicación da vacina **NON ESTÁ CONTRAINDICADA** en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo, dado que é unha vacina inactivada e, polo tanto, non existe risco de proliferación viral incontrolada. Tan só se pode esperar unha menor resposta inmune.

A vacinación tampouco está contraindicada no período de lactación materna.

A mellor estratexia para a prevención da gripe e as súas complicacións é a vacinación anual.

4.2. Vacina antipneumocócica

Composición

A vacina antipneumocócica contén 23 antíxenos de polisacáridos capsulares purificados do *Streptococcus pneumoniae* (serotipos 1, 2, 3, 4, 5, 6B, 7F, 8, 9N, 9V, 10A, 11A, 12F, 14, 15B, 17F, 18C, 19A, 19F, 20, 22F, 23F e 33F).

Administración

Vía de administración

- I Preferentemente intramuscular, aínda que pode utilizarse a vía subcutánea.
- I O lugar de elección é o músculo deltoide.

Dose

Administraráselles unha única dose de 0,5 ml, que contén 25 µg de cada antígeno de polisacárido capsular, a todas as persoas, independentemente da súa idade ou pertenza a grupo de risco.

Indicacións

Os grupos en que está indicada detállanse no punto 3: poboación diana desta instrución.

Cabe destacar que as persoas xa vacinadas fronte ao pneumococo non precisan volverse vacinar, agás nas situacións recollidas na epígrafe seguinte.

Indicacións de revacunación

I Persoas de 65 ou máis anos:

Só deberán recibir unha segunda dose no caso que fosen vacinadas polo menos 5 anos antes e sempre e cando a primeira dose a recibisen cunha idade inferior aos 65 anos.

I Persoas entre 2-64 anos de idade con asplenia anatómica ou funcional e persoas inmunocomprometidas:

Neste caso está indicada unha segunda dose aos 5 anos da primeira se a recibiron con máis de 10 anos e aos 3-5 anos se a recibiron a unha idade inferior aos 10 anos.

Inmunoxenicidade e efectividade

A administración da vacina induce unha resposta tipo-específica, con aumento do título de anticorpos dentro das 2-3 semanas seguintes en máis do 80% das persoas adultas sas.

As persoas de maior idade e as persoas con enfermidades crónicas poden desenvolver títulos máis baixos de anticorpos que os adultos sans. Non obstante, as persoas de máis de dous anos con asplenia anatómica ou funcional responden cun nivel de anticorpos similar ao das persoas sas da mesma idade.

No grupo das persoas inmunocomprometidas a resposta á vacina pode estar diminuída.

A efectividade da vacina fronte á enfermidade invasiva en estudos caso-control presenta un rango do 56-81%. En persoas inmunocompetentes de 65 ou máis anos é do 75% e no grupo de pacientes con enfermidades crónicas oscila entre un 65-84%.

Efectos secundarios

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local no lugar da inxección (dor, eritema, induración), que se presenta en aproximadamente un 30-50% dos casos e dura menos de 48 horas.

As reaccións locais máis severas e as reaccións sistémicas son infrecuentes, e as reaccións febrís severas, extremadamente raras.

Non se atoparon alteracións neurolóxicas tales como síndrome de Guillain-Barré tras a administración da vacina antipneumocócica.

Precaucións e contraindicacións

- Ao ser unha vacina inactivada, non está contraindicada en situacións de inmunosupresión, aínda que os niveis séricos de anticorpos pode que non acaden valores óptimos.
- Non debe administrarse a vacina por vía intradérmica, xa que pode causar reaccións locais severas. Así mesmo, tampouco se debe utilizar a vía intravascular.
- Non existen datos sobre a seguridade da vacina durante o primeiro trimestre do embarazo, aínda que non se notificaron consecuencias adversas nos neonatos de nais que foron vacinadas inadvertidamente durante o embarazo.
- As contraindicacións desta vacina son as xerais para todas as vacinas, é dicir, enfermidade aguda moderada ou severa, alerxia a algún compoñente da vacina ou reacción severa a unha dose previa.

Administración simultánea da vacina antigripal, a antipneumocócica e outras vacinas

As vacinas antigripais e antipneumocócicas pódense administrar simultaneamente, sempre e cando se realice en lugares anatómicos diferentes, mellorando desta forma a súa efectividade.

Así mesmo, tamén poden ser administradas simultaneamente coas vacinas sistemáticas.

Para máis información, consultar as fichas técnicas.

5 XESTIÓN

5.1 Distribución de vacinas a puntos de vacinación

Carga inicial

Os centros de saúde recibirán unha carga inicial de doses sen ter que solicitala.

Os restantes centros (hospitais, centros médicos privados, residencias...) deberán solicitar a carga inicial de doses vacinais unha semana antes.

Reposicións

Realizaranse 2 días á semana:

- **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas entre o mércores e o venres anterior ata as 13 horas.
- **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas o luns / martes previo ata as 13 horas.

NON SE SERVIRÁN ENVÍOS EXTRAORDINARIOS

(agás en casos moi puntuais e debidamente xustificados).

Peticións

As peticións realizaranse á xefatura territorial de Sanidade correspondente, a través da páxina web do sergas: **www.sergas.es**

Pulsar o apartado “Profesional” (na parte superior da páxina principal) / Servizos / Xestión dos puntos do PGV e seleccionar a opción que proceda:

- Centros pertencentes á rede do Servizo Galego de Saúde: os usuarios accederán introducindo o login e o password que utilizan habitualmente.
- Restantes centros: poderán introducirse no sistema por certificado dixital.

De non posuír certificado ou darse algunha outra circunstancia que impida realizar a petición por esta vía, solicitaranse á xefatura territorial de Sanidade correspondente por fax, utilizando o formulario do anexo I, ou por correo electrónico (véxase o anexo III).

Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán

Vacinas antigripais

Estimar o número de doses que se van precisar de:

■ Inflexal V®:

Para a vacinación das persoas menores de 75 anos.

A subministración das doses solicitadas adaptarase aos envases clínicos que facilite o laboratorio.

■ Chiromas®

Para a vacinación de persoas de:

- 75 ou máis anos
- 65 ou máis anos ingresadas en residencias

A subministración das doses solicitadas adaptarase aos envases clínicos que facilite o laboratorio.

Vacina antipneumocócica

■ Pneumo 23®

A subministración das doses solicitadas adaptarase aos envases clínicos que facilite o laboratorio.

A solicitude de doses terá que adaptarse o máximo posible ás necesidades reais do centro.

No caso de existiren claras diferenzas entre as doses distribuídas e as rexistradas, valoraranse as cantidades a servir polos técnicos das xefaturas territoriais.

5.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío

Cando se reciban as vacinas, comprobarase que se atopan nas condicións axeitadas, verificando que o tipo de vacina sexa a solicitada e que o número de doses se achega ás solicitadas.

As vacinas deberán trasladarse inmediatamente á neveira, conservarse a unha temperatura de entre +2 °C e +8 °C e evitar a súa conxelación.

A neveira deberá estar dotada dun termómetro de temperatura máxima e mínima, do cal se deberán realizar dúas lecturas diarias, á primeira e á última hora da xornada laboral.

As incidencias na recepción de vacinas deben ser notificadas á xefatura territorial de Sanidade correspondente (véxase o anexo III), así como toda ruptura da rede de frío, na que se especificará a temperatura dese momento, a máxima e mínima acadadas, así como o número estimado de horas de exposición ás ditas temperaturas.

5.3 Rexistro das doses administradas

Centros de saúde e hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde

O rexistro realizarase **SEMPRE** a través do módulo habilitado en IANUS para a Campaña de vacunación antigripal e antipneumocócica.

Restantes centros

As doses administradas deben anotarse no rexistro impreso: “Rexistro numérico diario da vacina administrada (Vacinação antigripal e antipneumocócica 2011)”.

O envío do rexistro debe realizarse **TODAS AS SEMANAS** á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, nos sobres de franqueo en destino habilitados para este fin.

Levarase un control semanal dos rexistros recibidos, de cara a xestionar as peticións de reposición de doses vacinais.

A información relativa a esta campaña pode consultarse na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

<http://dxsp.sergas.es>

(en: áreas de traballo / enfermidades transmisibles / vacinas / campaña de vacunación antigripal e antipneumocócica)

O director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

A directora de Asistencia Sanitaria



Manuel Antonio Varela Rey



Nieves Domínguez González



Anexos



Anexo I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Innovación e
Xestión da Saúde Pública

Modelo de solicitude de vacinas

(Os campos marcados cun * son obrigatorios)

* Data / /

DATOS DO CENTRO

* Código do centro

* Centro

* Concello

* Provincia

* Teléfono

Se procede
Entregar en

* Horario

DATOS DO PEDIDO

Nome e apelidos
* Persoa que solicita o pedido

Nº de doses

Inflexal V®

Chiromas®

Pneumo 23®

Nome e apelidos
Médico/a responsable da vacinación no centro

Nº de colexiado/a

Remitir á xefatura territorial de Sanidade correspondente por fax (véxase anexo III)

Anexo II Coordinadores/as das xerencias

A Coruña

Mercedes Bahamonde Sánchez
Tfno.: 981 21 91 09
Fax: 981 21 91 14
Correo electrónico: mercedes.bahamonde.sanchez@sergas.es

Ferrol

Esther Vidal Maroño
Tfnos.: 981 33 40 18 / 660 20 68 48
Fax: 981 33 40 15
Correo electrónico: esther.vidal.marono@sergas.es

Santiago de Compostela

Francisco Javier Rodríguez Iglesias
Tfno.: 981 95 61 14
Fax: 981 95 61 02
Correo electrónico: _XAPSADireccion de Enfermeria@sergas.es

Lugo

Sonia Marina Arias Iglesias
Tfno.: 982 29 60 69
Fax: 982 24 24 16
Correo electrónico: sonia.arias.iglesias@sergas.es

Ourense

Montserrat Souto Pereira
Tfno.: 988 06 64 22
Fax: 988 06 63 75
Correo electrónico: montserrat.souto.pereira@sergas.es

Pontevedra

María Dolores Otero Alarcón
Tfnos.: 986 88 58 33 / 34 - 649 47 57 85
Fax: 986 88 58 46
Correo electrónico: mariadolores.otero.alarcon@sergas.es

Vigo

Concepción López Meléndez
Tfnos.: 986 81 64 65 / 70
Fax: 986 81 64 71
Correo electrónico: concepcion.lopez.melendez@sergas.es

Anexo III

Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

A Coruña

Tfnos.: 981 15 58 22 / 981 08 22 61
Fax: 981 15 57 25
Correo electrónico: corunavacinas.dlpc@sergas.es

Lugo

Tfnos.: 982 29 21 17 / 982 29 21 13
Fax: 982 29 21 15
Correo electrónico:
_DLL_VACINAS@sergas.es

Ourense

Tfnos.: 988 06 63 47 / 988 06 63 32
Fax: 988 06 63 02
Correo electrónico: vacinas.sanidade.ourense@sergas.es

Unidade de Pontevedra

Tfnos.: 986 88 58 24 / 986 88 58 26
Fax: 986 88 58 02
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

Unidade de Vigo

Tfnos.: 986 81 72 33 / 986 81 77 24
Fax: 986 81 76 27
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

A información relativa a esta campaña pode consultarse na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

<http://dxsp.sergas.es>

(en: áreas de traballo / enfermidades transmisibles / vacinas / campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica)

Consellería
de Sanidade

Innovación e Xestión
da Saúde Pública

deixa fóra a **GRIPE**



<http://dxsp.sergas.es>

(en áreas de traballo / enfermidades transmisíbles / vacinas / campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica)

galicia



XUNTA
DE GALICIA

